

Le o seguinte texto. Despois, volve lelo e identifica todos os substantivos e os adxectivos que aparecen. Para iso, vas anotar a palabra no teu caderno.

Alegreime de baixar do taxi. Durante a viaxe tiña unha desagradable sensación de estar parado. A cidade que coñecía desde neno parecía esvarar polos cristais cheos de nicotina repentinamente convertida nun conxunto de formas esfumadas, nun reflexo irreal, nunha colección de recordos escuros que o tempo borraría. O condutor fumaba un cigarro de tabaco negro coma se fosen outros tempos, coma se fumar dentro do taxi sen preguntarlle ao cliente non fose unha temeridade. A min non me importou que fumase, cada un espera a morte como mellor lle parece, o que me molestaba era o que dicía. Era un home canso do seu traballo, un home que perdera a confianza. Non cría nas persoas e todo lle parecía corrompido. Estaba cheo de envexa. Despois dun disco de Raphael puxo outro de Miguel Bosé. Xa digo, cada un espera a morte como mellor lle parece, pero tampouco está de máis un pouco de consideración cos demais. Non lle gustaba o Goberno, dicía que todos eran iguais. Falaba mal do presidente sen preguntar a quen votara eu. Era un imbécil. E eu non conseguía esquecer aquela dor que me apertaba o peito. Sentín certo alivio cando o vin marchar fumeando no seu asento sen mirar atrás polo retrovisor. Acababa de dicirlle que non lle daría propina, contradicindo o meu costume, porque non daba propina se o servizo era malo. Lanzou unha ollada chea de desprezo ao espello retrovisor e recolleu os cartos sen dicir unha palabra máis. Se o chego a saber, empezaría por aí. O taxista falara moito e falara de máis, pero non preguntara o máis importante, non preguntara por que ía ao hospital ás cinco da mañá. Non quería meterse en lérias serias. Falaba por falar, para non escoitar o silencio, ou quizais para non escoitar a música que poñía. O aire estaba húmido. Xa non chovía sobre o asfalto cheo de charcos. Desde aló arriba víase o porto. Un par de pesqueiros volvían do mar e dirixíanse lentamente cara aos peiraos. Na lonxa habería moita actividade. Os peixes mortos, cubertos de xeo, aliñados como enfermos nos seus cuartos, esperarían para saír ao mundo, esperarían para ocupar os nosos pensamentos un instante e os nosos estómagos unhas poucas horas, antes de integrarse de novo no indeterminado, antes de deixar de ser eles mesmos, aínda que mortos, para volver formar parte do planeta e seguir xirando e seguir avanzando cara a quen sabe onde. Camiñei con decisión xunto a dúas ambulancias que esperaban o momento de actuar con todas as súas portas abertas. Os condutores falaban entre eles. Tres enfermeiras fumaban diante da entrada. Un home mordía as unllas temendo que o seu pai non saíse vivo daquela noite fría. En canto crucei a porta de urxencias sentínme enfermo. O aire dos hospitais sempre me fai mal. Non sei se será a calor, a sequidade ou simplemente o medo. Fun ata o mostrador. —Teño unha dor no peito. —Como se chama? —a muller levaba o pelo mal cortado e peor peiteado. Todo o fiaba ao uniforme. As roupas de traballo outorgábanlle solvencia profesional, convertendo o seu desaliñado aspecto nunha ínfima parte da maquinaria especializada e eficiente da que formaba parte. Por iso se conformaba con actuar como unha máquina. Eu xa estaba afeito. Non era a primeira vez que ía a urxencias a horas estraçalarias.

Fragmento de "O inmortal", capítulo da obra Medos de Héctor Carré